- ROGO DE MAREA SOBRE O SALÓN DO LIBRO

O Salón do Libro fai nesta edición dezaoito anos, a súa maioría de idade, e gañou por dereito propio un lugar no calendario de citas culturais de Galicia, cousa da que nos congratulamos.

O que queremos rogarlle ao goberno do concello é que, tras este Salón pechar as portas, presente o balance de visitas (para o que xa aventurou unha cifra antes do inicio) e, ademais, as contas que o fixeron posible, algo agora moi difícil de seguir a causa de dispersión de conceptos e procedencias.

Hai gastos que se asumen desde o orzamento propio do Pazo da Cultura, mais tamén hai partidas imputadas ao orzamento xeral do concello, en distintos capítulos.

Máis difícil de seguir, aínda, é o gasto en publicidade e promoción.

Somos conscientes da importancia de divulgar actividades, pero iso ten que levarse baixo control e o seu peso económico ten que subordinarse ao propio evento promocionado. Dito con outras palabras: non pode ser máis caro o colar ca o can.

Xa que logo, rogamos que este ano se presenten as cifras ao seu remate, sumando todos os conceptos, e que o ano que vén se agrupen nun orzamento inicial que nos permita saber os recursos destinados ao Salón. Non se pode retrucar con que sempre xorden imprevistos... Dezaoito edicións deberían valer para poder prever, grosso modo, cales son os gastos e os ingresos, e para que nós e o resto dos pontevedreses poidamos coñecelos con antelación.